



CINE
CONCERTOS



Udra
producciones



ADRIÁN BEGOÑA TRÍO

O home mosca

(Fred C. Newmeyer, 1923)



O pianista Adrián Begoña leva máis de 20 anos tocando música clásica e jazz, desde Bach a Duke Ellington, pasando por Mozart, Gershwin ou Tete Montoliu. Actualmente lidera o cuarteto de jazz One by One e colabora con músicos da escena nacional como Inoidel González, David Herrington ou Norman Hogue. En 2013 comeza a acompañar películas de cinema mudo, poñendo música en directo en cinemas, teatros e festivais e compoñendo música orixinal para cada un dos filmes. Pero ademais sempre deixa marxe aberta á improvisación, polo que dous acompañamentos en directo da mesma película nunca son iguais.

A obra mestra de Harold Lloyd. A escena do xenial cómico escalando un edificio supón un dos momentos máis grandes do cinema mudo, e o seu clímax -Harold colgado das manillas do reloxo- segue sendo unha das escenas estelares da historia da sétima arte.

Ficha técnica da película

Título orixinario: Safety Last! **Ano:** 1923 **Duración:** 77 min. **País:** Estados Unidos
Director: Fred C. Newmeyer, Sam Taylor **Guión:** Harold Lloyd, Sam Taylor **Fotografía:** Walter Lundin
Reparto: Harold Lloyd, Mildred Davis, Bill Strothers, Noah Young, Westcott B. Clarke, Mickey Daniels
Produtora: Pathé / Hal Roach Studios **Xénero:** Comedia.



GURUGÚ CINEXIN

The General

(Buster Keaton, 1926)



Gurugu Sax é unha banda sevillana de swing e jazz que pon música en directo a “O maquinista da Xeneral”. As pezas foron compostas orixinalmente por Luís Navarro para recontextualizar a película e ofrecer ao espectador unha mirada nova, con estilos actuais e seguindo a trama, facilitando así a comprensión e o visionado para o público xeral.

Johnny Gray é maquinista nun estado do Sur e ten dous grandes amores: unha moza (Anabelle Lee) e unha locomotora (A Xeral). En 1861, ao estalar a Guerra de Secesión, Johnny tenta alistarse, pero o exército considera que será máis útil traballando na retagarda. Con todo, Anabelle cre que é un covarde e rexéitao. O maquinista só poderá demostrar o seu auténtico valor cando un comando nordista infiltrado nas liñas confederadas roubelle “A Xeral” e rapte a Anabelle. Johnny non dubidará un segundo en subirse a outra locomotora e perseguir aos ianquis para recuperar aos seus dúas amadas.

Ficha técnica da película

Título original: The General **Ano:** 1926 **Duración:** 74 min. **País:** Estados Unidos **Director:** Buster Keaton, Clyde Bruckman **Guión:** Buster Keaton, Clyde Bruckman **Fotografía:** Bert Haines, J.D. Jennings **Reparto:** Buster Keaton, Marion Mack, Glen Cavender, Jim Farley, Frederick Vroom, Charles Smith, Frank Varnes, Joe Keaton, Mike Donlin, Tom Nawm **Productora:** United Artists **Xénero:** Comedia



MORALES

Metropolis

(Fritz Lang, 1927)



Manuel Morales, compositor e teclista, creou unha monumental banda sonora para esta película clásica do expresionismo. Unha experiencia sensorial retro-futurista única da man da distopía expresionista 'Metropolis'. Un 'Ao vivo' experimental e envolvente con música orixinal creada para a ocasión polo pianista e compositor de música electrónica Morales nun espectáculo inmersivo que mestura sons sintéticos e experimentais, percusións metálicas ou dreampop.

Futuro, ano 2000. Na megalópolis de Metrópolis a sociedade divídese en dúas clases, os ricos que teñen o poder e os medios de produción, rodeados de luxos, espazos amplos e xardíns, e os obreiros, condenados a vivir en condicións dramáticas recluídos nun gueto subterráneo, onde se atopa o corazón industrial da cidade. Un día Freder, o fillo do todoperoso Joh Fredersen, o home que controla a cidade, descobre os duros aspectos laborais dos obreiros tras namorarse de María, unha rapariga de orixe humilde, venerada polas clases baixas e que predica os bos sentimentos e ao amor. O fillo entón advirte ao seu pai que os traballadores poderían rebelarse.

Ficha técnica da película

Título orixinario: Metropolis **Ano:** 1927 **Duración:** 153 min. **País:** Alemaña **Director:** Fritz Lang **Guión:** Thea von Harbou **Fotografía:** Karl Freund, Günther Rittau **Reparto:** Gustav Fröhlich, Brigitte Helm, Alfred Abel, Rudolf Klein-Rogge, Fritz Rasp, Theodor Loos, Heinrich George, Fritz Alberti, Grete Berger, Heinrich Gotho, Georg John, Olaf Storm **Produtora:** UFA **Xénero:** Thriller. Drama | Distopía